



## As confrarías, portadoras este Nadal da Luz de Belén

O santuario das Angustias acolleu o pasado día 20 de decembro o acto de recibimento da Luz de Belén. Unha capela ateigada de xente recibiu a chama, procedente da

cova na que naceu Xesús, nun acto organizado pola Delegación Episcopal de Confrarías que serviu para expresar os deseños dun Nadal de paz e ledicia para todos. • Pax 7



## Catro irmundades abriron ao público os seus Beléns

As confrarías de Ferrol déronlle este ano un impulso importante á paixón belenista na cidade. A Mercé, as Angustias, a Soidade e Dolores abriron as súas montaxes en

diferentes locais das rúas Real e Dolores, aproveitando para desenvolver tamén neles recollidas de alimentos, xoguetes ou ropa para as familias necesitadas. • Pax 6

## Medalla de Ouro para a Coordinadora de Confrarías

A Xunta de Confrarías decidiu por unanimidade conceder a súa Medalla de Ouro á anterior Coordinadora de Confrarías, personalizada en quem ocupou a súa presidencia. Mario Villaamil (a título póstumo), Félix Sande e Meca Arcos recibirán a homeñaxe no acto previsto para o 25 de marzo no Jofre, no que tamén se lerá o pregón. • Pax 3

Unha imaxe do arco de campá da Mercé ilustrará o cartel da SSF 2023

Pax 2

O escritor Ramón Loureiro, próximo pregoeiro

Pax 2

Dolores reformará o trono da Amargura e a Piedade

Pax 5

As Angustias presentou a imaxe do Nazareno tras a súa restauración

Pax 5

# El toque de campana de la Merced, imagen de la Semana Santa de Ferrol 2023

Una fotografía de Alejandra Varela Tizón ilustrará el cartel de la Semana Santa de Ferrol en 2023. La imagen congela el momento en el que el mayordomo va a golpear con su martillo la campana del trono mercedario para marcar el paso de los portadores. Fue elegida por un jurado formado por personas de la Cofradía de la Merced y por el artista Suso Basterrechea, entre las once obras que concurrieron al concurso convocado al efecto.

La autora de la ima-

gen es una aficionada a la fotografía y entusiasta seguidora desde niña de las procesiones de su ciudad. Alejandra Varela ha seguido siempre de cerca la Semana Santa de Ferrol, con más intensidad -reconoce-, desde que hace unos años superó un cáncer de mama. "Siempre fui creyente, pero es verdad que a raíz de la enfermedad tuve un vuelco, así que ahora se junta la fe, mi emoción por la Semana Santa, por Ferrol, por lo que significa para mí personalmente poder



poner algo mío en la historia de la Semana Santa de Ferrol", comenta.

El cartel será presenta-

do oficialmente por parte de la Junta de Cofradías y Hermandades el próximo 14 de enero. •

## El escritor y periodista Ramón Loureiro pronunciará el pregón el 25 de marzo



El escritor, periodista y fotodocumentalista Ramón Loureiro (Fene, 1965) será el pregonero de la Semana Santa de 2023, que se desarrollará del 2 al 9 de abril. El acto, que cada año marca el preámbulo de la conmemoración de la Pasión, Muerte y Resurrección de Jesús, se celebrará en el teatro Jofre el día 25 de marzo.

La obra novelística de Loureiro comenzó con "Morgado" (1997), y siguió con "O corazón portugués" (2000) y "As galeras de Normandía" (2006), considerada por la crítica una obra maestra. Es académico de número de la Real y Pontificia Academia Auriense Mindoniense de San Rosendo y cuenta con los premios

Julio Camba de periodismo, y los literarios Julio Camba y Caminhos de la Memoria.

En sus 35 años de trabajo periodístico en La Voz de Galicia siempre prestó especial atención al acontecer en la Diócesis y a los actos de la Semana Santa de Ferrol, sobre la que también hizo algún trabajo fotográfico. •

# Mario Villaamil (a título póstumo), Félix Sande y Meca Arcos

## Medalla de Oro para los impulsores de la Coordinadora en su 30 aniversario

Antes de la Coordinadora de Cofradías, todo era distinto en la Semana Santa de Ferrol. Al igual que pasó en otras ciudades españolas, la puesta en marcha de un órgano que armonizase las procesiones y centralizase las relaciones institucionales marcó un antes y un después. La actual Junta de Cofradías reconoce aquel esfuerzo con la concesión de su Medalla de Oro a las personas que presidieron la anterior Coordinadora: Mario Villaamil (a título póstumo), Félix Sande y Meca Arcos.

Villaamil fue el primer presidente, desde enero de 1993 hasta febrero de 1995. Félix Sande, que estuvo de vicepresidente en parte de aquella etapa, recuerda que "había problemas constantes con el Obispado, rivalidad entre las cofradías... así que lo primero que hubo que hacer fue terminar con aquella situación y poner paz, algo que se consiguió con muchas reuniones".

"Empezamos de cero", cuenta el que sucedió a Villaamil en la presidencia de junio de 1996 a 1998 -Juan José Castro estuvo de presidente interino entre enero y junio de aquel año-. Recuerda que



### Cita el 25 de marzo en el Jofre

La entrega de la Medalla de Oro de la Junta de Cofradías a las tres personas que dirigieron la anterior Coordinadora se celebrará el 25 de marzo en el teatro Jofre, en el acto en el que también se leerá el pregón.


se puso en contacto con el consejo de cofradías de Sevilla, para conocer su experiencia de cara a la elaboración de los estatutos de la coordinadora. Y también que mantuvo una excelente colaboración con Viveiro, la otra gran Semana Santa de Galicia. Sande menciona, también, la colaboración en aquellos años del sacerdote Ramón Otero.

"Siempre me gustó estar debajo del trono, clavar puntas o lo que hiciese falta", dice Félix Sande, cofrade de Dolores que en la coordinadora jugó un papel independiente. "Tuve que hacer auditóricas a todas las cofradías y exponer el resultado ante todas", señala. La transparencia trajo objetividad a la hora de repartir la financiación, que en lugar de ser buscada por cada hermandad, pasó a ser gestionada por la Coordinadora y distribuida según el número de procesiones y de cofrades.

Con Villaamil llegó, en 1995, el reconocimiento de Interés Turístico Nacional, y con Meca Arcos, que presidió la Coordinadora de Cofradías desde 1998 hasta 2014, el Internacional. Según recuerda, hubo que conseguir que

vinieran a Ferrol periodistas extranjeros, muchos de ellos de países de Hispanoamérica, para que escribiesen sobre nuestra Semana Santa y acreditar su trascendencia. Meca Arcos recuerda que en aquel esfuerzo, y en otros, tuvo colaboración de todas las instituciones, de empresas... "La Semana Santa sensibiliza a todo el mundo", confirma.

En los tres mandatos de Meca Arcos se dieron pasos de gigante. Llegó el local definitivo para la Coordinadora, se puso en marcha la revista Ecce Homo, el procesionario... incluso empezó a hablar de conseguir un museo. "Hice todo lo que pude" dice Arcos, que califica el papel de la anterior Coordinadora, como el de la actual Junta, como "imprescindible".



### La Semana Santa y su huella en la muestra “Ferrol no Tempo”



La sede de Afundación tiene abierta hasta el 28 de enero la exposición “Ferrol no Tempo”, una muestra que recorre la historia de la ciudad en sus diferentes vertientes. Para la exposición se ha desplazado el crucero de

la Tahona, normalmente guardado en el Museo de la Semana Santa. Y la historia cofrade de la ciudad puede rastrearse también en el peto de ánimas de la antigua iglesia parroquial de San Julián y en otros elementos.

### La Cofradía de Dolores inauguró su presencia en Instagram

La Cofradía de Dolores ha inaugurado recientemente su presencia en la red social Instagram. El nombre del perfil de la hermandad es @cofradiadodolores.

## La película de la peregrinación Madre ven también pasó por Ferrol

El cine Dúplex acogió el 12 de diciembre un pase de la película de la peregrinación Madre ven, que recorrió España en el verano de 2021. La Cofradía de la Merced se involucró para que también el documental, al igual que en su día la peregrinación, hiciese parada en Ferrol.

Carlos de Arriba, cofrade de la Merced y uno de los impulsores de la peregrinación, se ocupó de presentar la película, llena de testimonios de fe recogidos a lo largo de los más de 10.000 kilómetros que recorrió la Virgen.

También en los Dúplex, la asociación Bajo tu Banzo promueve para el 23 de enero la proyección de la película “Los Negros”, un documental que cuenta la historia de los esclavos africanos que sobrevivían a duras penas en los arrabales de Sevilla en el siglo XIV y que fueron el origen de la actual cofradía sevillana de “los negritos”.

Y también auspiciado por Bajo tu Banzo, llegará a Ferrol el espectáculo “El Mesías” de Los Cantores de Híspalis. Será en el Auditorio el día 1 de abril. •

### Acotaga celebró su vigésimo cumpleaños con un concierto



La banda Acotaga celebró su vigésimo cumpleaños con un concierto que tuvo lugar el pasado 9 de octubre en la capilla de la Merced. Es uno de los eventos musicales del último trimestre, en el que también la Banda

de la Cofradía de Dolores celebró el concierto benéfico a favor de Asanog y la Agrupación Virgen del Carmen ofreció el suyo en honor de Santa Cecilia. Tristemente, la AM del Cristo de la Buena Muerte decidió posponer el recital que tenía previsto celebrar el 3 de diciembre, en homenaje a su compañero Óscar Javier Santiago Mosquera “Patxi”, a raíz del fallecimiento de Alejandro Tenreiro. La formación tiene previsto organizar más adelante un concierto en el que su música servirá para recordarlos a los dos.


# A Confraría de Dolores vai reformar o trono das imaxes da Amargura e a Piedade

Asemblea da Confraría de Dolores votou o pasado 10 de decembro unanimemente a favor do proxecto de restauración do trono das imaxes da Virxe da Amargura e da Piedade, un proxecto que ten un orzamento duns 40.000€ e que será sufragado pola Xunta de Galicia case nun 50%.

Trátase dun dos dous únicos tronos de palio da Semana Santa de Ferrol e a súa reforma farase para que siga levando o dosel. Cambiarase a estrutura para facela máis lixeira e terá dúas peanas diferentes, para cada unha das

imaxes. O proxecto prevé unha decoración acorde coa tradición da propia irmandade para darlle maior realce a un paso de liñas sinxelas e sen ornamento que fora adquirido pola confraría no ano 2010. Así, levará o escudo de Dolores na fronte, contará cunhas hornacinas e posiblemente algúns elementos alusivos á Virxe. O traballo realizarase no taller de Cándido Hermida.

A iniciativa foi presentada o pasado día 12 no Casino Ferrolán, nun acto que contou coa presencia da delegada da Xunta en Ferrol, Martina Aneiros. •



## A Confraría das Angustias presentou ante os fieis a talla do Nazareno despois da súa restauración

O bispo da Diocese, Monseñor García Cadiñanos, quixo participar o pasado día 11 de decembro na presentación da imaxe restaurada do Nazareno da Confraría das Angustias. A talla estivo exposta durante a celebración da Eucaristía e puido ser contemplada de preto polos fieis.

O Nazareno das Angustias é unha imaxe realizada por Florencio Severo Gambino en 1970.



Porén, non saiu en procesión ata 1953, ano no que

foi portada por Infantes de Marina. O traballo de

restauración foi confiado ao estudio Parteluz, que tamén se ocupou antes doutros traballos para a irmandade, o máis recente o do Cristo da Agonía. Consistiu fundamentalmente na reparación dalgúnha parte danada e na limpeza do rostro, as mans e os pés.

Para sufragar a restauración, a irmandade mantén aínda aberto un petitorio para a recollida de donativos.

# A paixón belenista, máis viva ca nunca



Vallan estas páxinas para expresar os desexos dun bo Nadal e un feliz ano 2023, xa que as actividades que organizaron as confrarías de Ferrol nestas datas falan por si mesmas. As irmandades desataron a paixón belenista, contri-

## A Xunta Xeral de Confrarías editou un folleto coa información sobre a ubicación e horario dos Beléns

buíndo a afondar nunha tradición que debemos a San Francisco de Asís e que en Ferrol ten o seu máis importante expoñente no Belén da Orde Terceira, o que creou Alfredo Martín e que mantén, para ledicia de todos, a comunidade terciaria encabezada polos

seus fillos Ana e Alfredo.

Abrieron tamén as súas propias montaxes as confrarías da Mercé, Angustias, Soidade e Dolores, en todos os casos en locais cedidos temporalmente no barrio da Magdalena e nos que, ademáis da recreación do pobo de Belén, se organizaron recollidas de alimentos e outros materiais para familias necesitadas.

A Xunta de Confrarías quixo impulsar as visitas editando folletos nos que se informa da ubicación e o horario de cada un e do da Orde Terceira.

Na rúa Dolores están os da Mercé (no número 42) e a Soidade (nº49), mentres que na Real se atopan os da Confraría das Angustias (nº61) e de Dolores (nº136). Todos permanecerán abertos todos os días ata o 5 ou o 6 de xaneiro. •



# A Luz de Belén prendeu na familia confrade

A familia confrade de Ferrol compartiu o pasado día 20 de decembro o acto de recibimento da Luz da Paz de Belén, unha cita que organizou a Delegación Episcopal de Confrarías e que se celebrou no santuario das Angustias. A chama traída desde a cova na que naceu Xesús entrou nunha capela ateigada de xente mentres a Agrupación Musical Virxe do Carme interpretaba a peza “O oboe de Gabriel”, composta por Ennio Morricone para a película “A Misión”.

A celebración, dirixida polo consiliario de Confrarías, Cándido Otero López, foi unha ocasión para expresar os mellores



desexos cara á celebración do Nadal e para que cada confrade se convertira en “portador” da Luz de Belén, o símbolo de Cristo

iluminando ao mundo.

O coro Mosaico, formado por nenos e nenas do Tirso de Molina, cantou na celebración, á que

a xente acudiu con candís e farois para levar a casa a chama e mantela prendida nos seus fogares ata que rematen as festas. •

## O Café Solidario da Irmandade do Santo Enterro

A Irmandade do Santo Enterro volveu celebrar este ano un acto que forma parte da axenda de Nadal e que tivera que suspenderse pola pandemia. Trátase do seu Café Solidario, que tivo lugar o pasado día 14 no Casino Ferrolán e que contou cunha excepcional colaboración, tanto do



comercio e empresas que doaron diferentes agasallos como das persoas que acudiron e encheron todas as mesas.

Celebrou tamén con grande afluencia de público o Concerto de Nadal en San Xiao, de novo coa finalidade de recadar


fondos para as familias necesitadas de Ferrol.

Cómpre destacar a carga de caridade que encheu as actividades organizadas neste mes de Nadal polas cinco confrarías. As Angustias abriu xunto ao Belén o seu tradicional Escaparate Solidario e celebrou un concerto de Nadal, mentres que a Confraría de Dolores recadou fondos na súa cena de confraternidade. A Soidade e a Merced tamén fixeron recollida de doazóns e sorteo de cestas.

## Cómo ven los niños la Semana Santa

La Junta General de Cofradías convocó en el mes de enero de 2020 un concurso de pintura para escolares. La pandemia dejó en el tintero el certamen y la consiguiente expo-

sición, pero aquí va una selección de aquellos dibujos con una variada perspectiva de cómo ven los niños nuestra Semana Santa de Ferrol. •



Inés Navas Alvariño, 4 años




Irene Suanzes Quintela, 7 años




Juan Baena, 9 años




Marta Pérez Santos, 14 años



Maria Rodríguez Vázquez, 11 años



Martina Fusté Zaragoza, 12 años



SEMANA Valeria Martínez Vázquez, 8 años



Pablo Fernández, 6 años

# Premios da Asociación de Persoas Xordas e Protección Civil para a Xunta de Confrarías



A Xunta de Confrarías e Irmandades da Semana Santa de Ferrol recibiu neste último trimestre do ano dous recoñecementos de entidades coas que mantén unha fluída e enriquecedora colaboración. O primeiro foi da Asociación de Persoas Xordas de Ferrolterra, que o pasado 22 de outubro celebrou cunha gala no CIS da Cabana o seu 50 aniversario. A cita levaba por título “Contigo sumamos” e no transcurso da mesma o presidente da Xunta de Confrarías, César Carreño, recibiu o agarimoso premio da entidade. Entre outras cousas, a colaboración coa AXF tradúcese na presencia de intérprete de lingua de signos en todos os actos da Xunta de Confrarías.

O agradecemento en nome da Semana Santa expresouno tamén César Carreño o pasado día 5 de decembro na gala organizada por Protección Civil. Conmemorábase o día do voluntariado, de maneira que ao recoller o recoñecemento o presidente da Xunta de Confrarías expresou o seu, e o de todas as irmandades, polo traballo desinteresado que fai Protección Civil para o mellor desenvolvemento das procesións.

Parabéns desde a Xunta de Confrarías para as dúas entidades e para o resto das asociacións e persoas que compartiron os seus premios.

